Deputación Pontevedra

Nº 3

FORO DE INICIATIVAS LOCAIS

Innovación para o desenvolvemento empresarial e do emprego

A ESTRADA

- ABRIL DE 2013 -

www.depo.es

Equipo G4plus de Análisis, Diagnóstico y Diseño Estratégico
Universidade de Vigo

Este informe foi elaborado polo Grupo de Investigación G4plus da Universidade de Vigo integrado por: Pedro Figueroa Dorrego (Director), Ana Otero Lima e Daniel Gallego Ortigueira, en colaboración coa Deputación de Pontevedra e o Concello de A Estrada

Índice

1. PRÓLOGO 4
2. INTRODUCIÓN: OBXECTIVOS E ALCANCE DO FORO 5
3. INFORMACIÓN SINTÉTICA DOS RECURSOS E CAPACIDADES DA ÁREA DE A ESTRADA..... 8
A. Principais recursos infraestruturais do Concello de A Estrada..... 8
- Infraestruturas de Comunicación:..... 9
- Infraestruturas Empresariais:..... 9
- Infraestruturas Sanitarias e Educativas..... 10
- Outras infraestruturas do Concello de A Estrada..... 11

B. Principais Recursos e Capacidades do ámbito socio cultural..... 13
- Recursos Histórico- Culturais e Naturais do Concello de A Estrada..... 13
- Caracterización Social do Concello de A Estrada 14

C. Principais Recursos e Capacidades do Sistema Empresarial de A Estrada..... 18
- Caracterización Sectorial do Tecido empresarial do Concello de A Estrada..... 18
- Asociacionismo e cooperación empresarial en A Estrada: 26

D. Principais Recursos e Capacidades no ámbito da innovación 27
4. PRINCIPAIS DATOS SOBRE EMPRENDEMENTO EN GALICIA E NO CONCELLO DE A ESTRADA..... 29
A. Principais datos sobre o emprendemento en Galicia 29
B. Principais datos sobre o emprendemento e o emprego no Concello de A Estrada 31
5. SÍNTESE DAS ENTREVISTAS REALIZADAS NO CONCELLO DE A ESTRADA 36
A. Síntese das entrevistas realizadas..... 36
B. Cadro resumo..... 40

ANEXOS:

I. Información cuantitativa complementaria sobre o Concello de A Estrada
II. Temática orientativa das entrevistas realizadas.

1. PRÓLOGO

A Deputación de Pontevedra, consciente da situación de crise no actual escenario económico, que está tendo como consecuencia principal o continuo incremento do nivel de desemprego a nivel nacional, e tamén na provincia de Pontevedra, segue a considerar de gran importancia estratéxica reforzar o Servizo de Promoción do Emprego desta institución provincial. Con este obxectivo presentouse o Plan de Acción para o Emprego 2012-2013, que pretende consolidar as actuacións iniciadas pola Excma. Deputación de Pontevedra ó abeiro do Plan de Acción para o Emprego no ano 2012, con dous obxectivos principais: profundizar no reforzo do servizo de asesoramento e información para o emprego da Deputación por unha parte, e consolidar o proceso de apertura da institución provincial como órgano de interlocución e consenso con todos os concellos e axentes económicos da provincia de Pontevedra que traballan no ámbito do fomento do emprego e da cultura emprendedora.

Por tal motivo, a Deputación de Pontevedra promove, en colaboración coa Universidade de Vigo, a posta en marcha de diversos FOROS DE INICIATIVAS LOCAIS sobre innovación para o desenvolvemento empresarial e o emprego en Concellos de entre 13.000 e 40.000 habitantes.

D. Rafael Louzán Abal

Presidente

Excelentísima Deputación de Pontevedra

2. INTRODUCIÓN: OBXECTIVOS E ALCANCE DO FORO

Ó longo dos últimos anos están ocorrendo indubidables e ineludibles cambios na estrutura económica dos territorios, tanto a nivel nacional, como autonómico ou local. Estes cambios obrigan a abrir unha nova etapa de reestruturación económica, tecnolóxica e organizativa, onde a introdución de elementos innovadores xoga un papel fundamental á hora de optimizar os niveis de produtividade e competitividade empresarial, alentando o crecemento de sectores emerxentes e contribuíndo a á reestruturación dos sectores económicos en declive.

Neste contexto é onde cobran cada vez máis importancia as iniciativas de desenvolvemento local, é dicir, aquelas iniciativas que pretenden poñer en valor os recursos endóxenos de cada territorio e a busca de novas fontes de emprego, a fin de adaptar as economías locais ós cambios e tendencias globais.

Así, a través da identificación dos recursos e capacidades da área local de A Estrada , a posta en marcha deste Foro de Iniciativas Locais pretende xerar un espazo de dinamización e participación a nivel local, para identificar oportunidades e posibles iniciativas de desenvolvemento empresarial e emprendemento que orienten a acción dos axentes locais en xeral e das Administracións Públicas en particular, de tal forma que se consiga xerar unha maior riqueza e emprego no territorio.

Así mesmo, a celebración deste Foro de Iniciativas Locais complementarase coa articulación doutros, noutras localidades da Provincia de Pontevedra de entre 13.000 e 40.000 habitantes, para acadar unha maior continuidade da iniciativa e unha maior repercusión dos seus obxectivos.

Polo que respecta ás fases seguidas para a estruturación e organización xeral dos Foros de Iniciativas Locais, seguiuse o esquema ilustrado na Figura 1, de tal xeito que nun primeiro

momento elaboráronse os contidos correspondentes ó informe previo, cuxa información cuantitativa empregada elaborouse cos datos dispoñibles a data de novembro de 2012.

Figura 1
Fases do proxecto

Fonte: Elaboración propia

En canto á segunda fase aquí reflectida, a correspondente ás entrevistas, en cada municipio seleccionado contouse coas opinións tanto da Administración Pública Local, como de representantes do tecido empresarial da zona cunha ampla experiencia emprendedora, mediante a realización dunha serie de entrevistas estruturadas.

Así, no caso de A Estrada , entrevistouse directamente ós seguintes axentes:

Entidade	Persoa
Concello de A Estrada (Alcalde)	D. José Carlos López Campos
Axente de Desenvolvemento Local do Concello de A Estrada	Dna. Raquel Rey Iglesias
Lagar de Ribela	D. Jesús Armenteros del Olmo
Herrajes Formo 3, S.L.L	D.José Manuel Rozados Mariño
Reduce, Solucións de Aforro Enerxético	D. Bruno Rodríguez Figueira

Polo que concirne á estrutura destas entrevistas, deseñáronse dous modelos: un destinado ós axentes da Administración Pública Local, e o outro ós emprendedores de cada territorio (ver Figura 2). Ambos modelos perseguen a finalidade de obter unha visión xeral das

actividades idóneas para cada área xeográfica en función das súas potencialidades, a máis de tentar achegar a idea de cáles son as principais barreiras e facilitadores ó emprendemento que detectan estes axentes. Finalmente, considerouse oportuno incluír un último apartado vinculado á pregunta , de que pode facer a Administración Pública nestes momentos para apoiar e potenciar o emprendemento nos territorios locais. Deste xeito con toda a información recollida a través destas entrevistas, elaborouse un informe final específico para cada municipio obxecto da iniciativa.

Figura 2
Temática orientativa das entrevistas

Finalmente, unha vez realizadas todas as entrevistas propostas e elaborados os informes correspondentes a cada localidade, elaborarase un último informe, de conclusións sintéticas, que recollerá de forma resumida as principais conclusións derivadas de todo o proxecto.

3. INFORMACIÓN SINTÉTICA DOS RECURSOS E CAPACIDADES DA ÁREA DE A ESTRADA

A. Principais recursos infraestruturais do Concello de A Estrada

A **localidade de A Estrada** sitúase no norte da Provincia de Pontevedra, e xusto nos límites coa provincia de A Coruña, tal e como se amosa no mapa posterior. Segundo o Instituto Galego de Estatística A Estrada conta cunha extensión de **280,8 km²** sendo así un dos municipios máis grandes de Galicia. A estrada pertence á comarca de Tabeirós – Terra de Montes, á que tamén pertencen os municipios de Cerdedo e Forcarei. Esta comarca ten unha superficie aproximada de 529 Km² e a súa poboación ascende a uns 28.100 habitantes, dos que máis do 75% pertencen ó concello de A Estrada.

A Estrada conta polo tanto cunha ubicación estratéxica, a menos dunha hora de grandes núcleos de poboación galegos como son Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela. E a 45 minutos dun dos principais nodos de transporte de Galicia, tanto de pasaxeiros como de mercadorías, como é o Aeroporto de Santiago de Compostela.

Á hora de falar das infraestruturas que posúe o municipio de A Estrada, dividiranse estas en: Infraestruturas de comunicación, Infraestruturas empresariais e Infraestruturas Sanitarias e Educativas

- ***Infraestruturas de Comunicación:***

Polo que se refire ás infraestruturas de acceso á localidade, A Estrada a través da autopista AP-53 que une Santiago con Ourense está comunicada con toda a rede de autopistas e autovías do Estado. A máis, A Estrada está comunicada diariamente con poboacións como Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Lalín, Vila de Cruces ou Cerdedo entre outras a través do servizo de autobuses. Por ferrocarril, as estacións máis próximas son a de Pontecesures e Santiago de Compostela a media hora de camiño.

Por outra banda, chegar a Estrada a través do avión tamén é relativamente fácil, pois esta vila atópase a 30 minutos do aeroporto de Santiago de Compostela, e apouco máis dunha hora dos aeroportos de A Coruña e Vigo.

- ***Infraestruturas Empresariais:***

No tocante ás infraestruturas empresariais coas que conta o Concello de A Estrada, destaca o Polígono Industrial de Toedo, que se inaugurou no ano 1987 promovido pola empresa pública SIGALSA e polo Concello de A Estrada. Actualmente estase levando a cabo a segunda fase do mesmo, que é de iniciativa privada.

Así, a superficie do polígono aproxímase ós 190.000 m^2 dos que máis de 123.000 son de uso industrial. Na primeira fase hai instaladas 21 empresa, pertencentes sobre todo ó sector do metal, da construción, da pedra e do frío industrial. Polo que respecta á 2º fase ten unha superficie de 85.000 $m2^2$ dos que 48.000 son de uso industrial. Actualmente máis do 20% desta superficie xa está vendida na súa maioría a empresas de servizos.

O acceso ó polígono é a través da estrada nacional C-541, e a vía de alta capacidade máis próxima é a AP-9 a 23 Km. O aeroporto máis próximo é o de Santiago de Compostela a 30 Km ó igual que a terminal de Carga. En canto ó porto máis próximo este é o de Vilagarcía de Arousa a 38 Km.

Esta oferta de chan empresarial compleméntaa a existencia na propia comarca de Tabeirós – Terra de Montes, outro polígono industrial dentro dos lindes do Concello de Forcarei, o Polígono de Cachafeiro cunha superficie de aproximadamente 18.000 m^2 repartidos en nove parcelas.

Neste mesmo ámbito, tamén é importante mencionar a futura creación dun viveiro de empresas que dea aloxamento a novas iniciativas empresariais, actuación recollida dentro do proxecto Novo Mercado da Estrada, no que o Concello, promotor do proxecto, pretende impulsar o desenvolvemento sustentable do municipio mediante a rehabilitación do mercado municipal de abastos e da súa contorna, aproveitando todas as potencialidades deste edificio recuperado, para o desenvolvemento de actividades de promoción económica e conciliación familiar. En concreto a creación deste viveiro de empresas responde á necesidade de impulsar o desenvolvemento económico e a xeración de oportunidades de emprego no municipio, fomentando a actividade comercial e a mellora da competitividade do propio mercado e apoiando a creación de novas empresas.

- ***Infraestruturas Sanitarias e Educativas***

Centrándose nas infraestruturas sanitarias, en A Estrada existen tres centros de atención primaria e un ambulatorio, nos que prestan servizos 79 persoas, dos cales 25 son médicos de medicina xeral e 3 son pediatras. Tamén é de destacar o feito de que no propio Concello de A Estrada existe unha residencia da terceira idade que completa a oferta de benestar da localidade.

Por outra banda, en canto os centros educativos, en A Estrada existen un total de 10 centros, dos cales 6 son Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP) e 3 son Institutos de Ensinanza Secundaria (IES) onde ademais se poden cursar ensinanzas postobrigatorias (bacharelato e FP). Existen ademais un centro educativos onde é posible cursar ensinanzas dende infantil a secundaria.

Polo que respecta ó número de alumnos matriculados nestes centros, segundo se amosa na Táboa 1, son 2.631 os alumnos que cursan estudos no municipio de A Estrada pertencendo a maioría deles á educación primaria e secundaria obrigatoria.

Táboa 1
Alumnos matriculados segundo tipo de ensinanza. Curso 2011/2012

Tipo de Ensinanza	Número
Educación infantil	469
Educación primaria	964
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	655
Bacharelato ordinario	251
Ciclos formativos de grao medio ordinarios	139
Ciclos formativos de grao superior ordinarios	38
Programas de cualificación profesional inicial	60
Ensinanzas básicas iniciais e ESO adultos	55
TOTAL	2.631

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Esta oferta, complétase coa existencia para os máis cativos dunha gardería municipal, a máis de varias privadas e doutras garderías públicas e municipais ubicadas nos concellos limítrofes e da área comarcal de Tabeirós – Terra de Montes.

Finalmente, tamén compre mencionar no eido dos estudos superiores a posibilidade de cursar ensinanzas universitarias oficiais de grado, posgrao e doutorado nun entorno próximo en institucións como a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

- ***Outras infraestruturas do Concello de A Estrada***

Finalmente, á hora de realizar unha análise das infraestruturas que posúe o Concello de A Estrada, non se poden esquecer as infraestruturas de tipo máis lúdico deportivo, ou culturais como poden ser as bibliotecas, das que A Estrada posúe unha pública.

É importante resaltar o feito de que a localidade de A Estrada conta cun importante recinto feiral, rexido pola Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada e que conta con cinco pavillóns reservados para a realización de feiras na localidade. A superficie estimada conxunta supera amplamente os 11.000 m^2, sendo a superficie útil destinada ós expositores de 8.500 m^2 aproximadamente. Tamén está dispoñible o novo pavillón multiusos cunha superficie de 2.500 m^2 . O recinto conta con todos os servizos necesarios para a celebración de este tipo de eventos (servizos de cafetería, restaurante, aseos, aparcadoiro … etc.). En canto

ós eventos que alí se celebran, destaca a Feira do Moble de Galicia que con 26 edicións é unha das feiras máis consolidadas do calendario feiral de Galicia.

Do mesmo xeito no eido deportivo, este municipio conta cunha pista de xogo, dous pavillóns polideportivos, catro pistas polideportivas e unha piscina cuberta. Tamén no eido social A Estrada conta con recursos infraestruturais, pois alberga 2 casas da cultura e dous museos a máis dunha ampla rede de parques e xardíns.

B. Principais Recursos e Capacidades do ámbito socio cultural.

- ***Recursos Histórico- Culturais e Naturais do Concello de A Estrada***

Polo que respecta ó patrimonio histórico- cultural, dentro da arquitectura de A Estrada, destacan dous edificios que foron declarados como Ben de Interese Cultural (BIC), estes son: A Torre de Gumarei, conxunto pazo -torre de orixe medieval, de onde toma o escudo a localidade estradense, e o Pazo de Oca, de propiedade privada no que os seus extensos e fermosos xardíns poden ser visitados.

No apartado da arquitectura de ámbito relixioso destaca a presenza do románico estradense da que son os máximos expoñentes as Igrexas de Frades, Moreira, Ouzande e Codeseda. A máis destas outras 15 igrexas do municipio posúen este estilo, e arredor de todas elas trazouse a ruta do románico da Estrada. Tamén é digno de mención, o feito de saberes que A Estrada estivo habitado na época prerromana, proba do mesmo é que nesta localidade se localizan 120 mámoas, 22 castros e 2 petroglifos, Da época medieval tamén se conservan os restos dun asentamento, e de cinco torres, así como 22 necrópoles.

No eido do patrimonio natural, A Estrada participa dos relevos montañosos da Dorsal Galega e das terras baixas do Val do Ulla, coas maiores alturas nos montes: San Sebastián, Cabanelas, Campo de Cruces, Cabalar e Xesteiras, todos eles miradoiros naturais. O río Umia cruza o sur do Concello, mentres que o resto do Concello está inscrito na conca do Ulla, o que fai que numerosos afluentes recorran o municipio, que permiten atopar numerosas pozas e fervenzas, así como un importante número de muíños. Elementos ó redor dos que se crearon varios roteiros de sendeirismo.

No campo etnográfico en A Estrada atópase o museo Manuel Reimóndez Portela, que ocupa tres naves destinados a grandes apartados como: a escola do pasado, os xogos e xoguetes e os nenos, A Estrada rural e urbana e a vida cotiá. Conta tamén cun amplo local no que se sitúa a biblioteca, sala de investigadores e arquivo. A rede de museos local complétase co Museo do Moble e da Madeira da Estrada que trata de amosar o proceso de transformación da madeira desde o corte da árbore até que se confeccionan mobles. Ó mesmo tempo o museo tenta amosar a historia do sector desde os seus inicio até hoxe en día. Tamén se mostra a evolución de ferramentas e instalacións.

Finalmente polo que respecta ós festexos locais, A Rapa das Bestas de Sabucedo, foi declarada Festa de Interese Turístico Internacional e celébrase na primeira fin de semana de xullo. Tamén o Entroido ten sona en A Estrada e como mostra da cultura gastronómica do concello celébrase anualmente a Festa do Salmón, na que se poden degustar múltiples

preparacións tradicionais e innovadoras deste peixe, posto que neste concello ten gran tradición a pesca de río.

- ***Caracterización Social do Concello de A Estrada***

A localidade de A Estrada conta segundo o censo do ano 2011 con 21.759 habitantes. De entre esta poboación segundo o Anuario Socioeconómico de Caja España, o 1,9% son estranxeiros, pertencendo a gran maioría deles a Unión Europea, a América Latina e a Marrocos. No tocante a cómo evolucionou a poboación nos últimos cinco anos, cumpre dicir, que segundo o que se amosa na Figura 3, dende o ano 2005 ata o 2009 a poboación deste concello segue unha tendencia decrecente, de xeito que dende o ano 2005 ata a actualidade este descenso supuxo a perda de ó redor do 1,55% da poboación estradense.

Figura 3
Evolución da poboación 2005-2010

Fonte: Anuario 2012 La Caixa

En canto á distribución da poboación no territorio, segundo os datos extraídos do Instituto Galego de Estatística, esta sitúase nos 77,5 habitantes por km^2, unha densidade por debaixo da media galega que se sitúa nunha media de 94 habitantes por km^2 e tamén por debaixo da media provincial, que rodea os 200 habitantes por km^2. É importante resaltar o feito de que a densidade poboacional de A Estrada, diminuíu paulatinamente dende o ano 1.998, cando se situaba en torno ós 79,5 habitantes por km^2, o que revela un decrecemento ata a actualidade dun 2,5%.

Figura 4
Evolución da densidade de poboación 1998-2011

Fonte: Elaboración propia a partir do IGE.

Polo que respecta á estrutura da poboación no municipio de A Estrada, segundo o que se pode observar na pirámide representada na Figura 5, esta é unha pirámide regresiva, é dicir, cunha base máis estreita có centro e cunha cima relativamente ancha. Esta forma ven a indicar un descenso da natalidade nos últimos anos, o que pode levar a un envellecemento da poboación municipal nas próximas décadas, feito que se confirma cando se analiza o índice de remprazo poboacional que se sitúa no 0,45 (poboación menor de 16/ poboación maior de 65) e indica que a poboación municipal non ten asegurado o remprazo xeracional. Se ben é importe sinalar que a situación de A Estrada está máis ou menos igualada coa de Galicia, onde o índice de remprazo se sitúa en torno ó 0.50.

Figura 5
Estrutura da poboación 2011

Fonte: Elaboración propia a partir do INE

Seguindo cos indicadores demográficos do municipio de A Estrada na Táboa 2, pódense observar os principais indicadores e a súa evolución. Así, en canto ó numero de nacementos estes mantéñense máis ou menos estables no período obxecto de análise, se ben cumpre mencionar que nos últimos anos se observa unha tendencia negativa. De igual xeito o número de defuncións non segue unha pauta estable, producíndose fluctuacións. Así e todo, o crecemento vexetativo do municipio de A Estrada presenta cifras claramente negativas, durante todo o período analizado, o que pode ser unha das causas do descenso da poboación municipal.

Táboa 2
Taxas demográficas 2006-2010

	2006	2007	2008	2009	2010
Nacementos	139	159	169	141	135
Defuncións	274	292	259	311	242
Crecemento Vexetativo	-135	-133	-90	-170	-107

Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España-2012

Centrándose nas cifras de poboación activa, A Estrada posúe 13.868 persoas que se sitúan nos tramos de idade entre 16 e 64 anos (63,7%), destas segundo o anuario socioeconómico 2012 La Caixa con data do 31 de marzo do ano 2011, preto dun 14% desta poboación activa estaba en paro. Estes datos, como se pode comprobar na Figura 6, sitúan ó municipio de A Estrada na media provincial e autonómica.

Figura 6
Evolución do paro sobre a poboación activa, 2005-2011

Fonte:Anuario Socioeconómico La Caixa 2012

No tocante a cómo afecta o paro ós diferentes sexos son as mulleres as que presentan unha maior porcentaxe de paro cun 14,5%. Mentres que por grandes grupos de idade o paro afecta claramente máis a aqueles entre os 25 e os 49 anos. (15,5%). Estas mesmas conclusións pódense obter ó analizar os datos provinciais e autonómicos da Figura 7.

Figura 7
Porcentaxe de Paro rexistrado por sexos e grandes grupos de idade 2011

Fonte:Elaboración propia a partir do anuario Socioeconómico La Caixa 2012

Pese a isto, segundo os datos máis actualizados dos que dispón o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE),a data de abril de 2013 as persoas en situación de desemprego no municipio de A Estrada ascenden a 2.354 o que supón o 17,40% da poboación potencialmente activa. Por sectores, e segundo se amosa na Figura 8 o sector que rexistra un maior número de parados é o de servizos con 1.205 persoas, mentres que pola contra o sector da agricultura é o que rexistra menos paro neste concello.

Figura 8
Porcentaxe de paro por sectores

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

C. Principais Recursos e Capacidades do Sistema Empresarial de A Estrada

- ***Caracterización Sectorial do Tecido empresarial do Concello de A Estrada***

Centrándose na caracterización económica do Concello de A Estrada o primeiro dato que se analiza é o número de empresas que alí se asentan. Así, no ano 2010 segundo o IGE un total de 1.639 empresas tiñan actividade en A Estrada. Destas segundo se pode comprobar na Figura 9, máis da metade (59%) eran empresas sen asalariados e o 25% só posúen entre 1 e 2 persoas asalariadas. Estas cifras, moi en consonancia coas galegas, denotan a importancia que as pemes e micropemes teñen dentro da economía local (para ver a evolución das cifras consultar a táboa 1 do Anexo II).

Figura 9
Proporción de empresas segundo estrato de asalariados, 2005-2010

Fonte:Instituto Galego de Estatística (IGE)

Polo que concirne á cómo evolucionou ata o momento o censo empresarial do municipio de A Estrada, tal e como se aprecia na Táboa 3 obsérvase que dende o ano 2004, o número de empresas que decide iniciar a súa actividade mantívose estable, se ben decreceu con respecto ós anos 2006 e 2008. Paralelamente, tamén se produce un notable incremento do número de empresas que decide pechar.Feitos ambos que levan parellos a redución do número de empresas ubicadas no municipio, así como a destrución de postos de emprego.

Táboa 3
Evolución do censo empresarial 2004-2010

	2004	2006	2008	2010	Var. 04/10
Alta	128	174	169	128	0,00%
Permanencia	1.430	1.493	1.534	1.511	5,66%
Baixa	60	138	171	150	150%

Fonte:Instituto Galego de Estatística (IGE)

En canto ó sector empresarial con máis peso no municipio de A Estrada, segundo se pode comprobar na Figura 10, este é claramente o sector servizos, que representa un 70% do total de empresas da localidade. Por outra banda, no relativo a fórmula xurídica preferida polas empresas de A Estrada, máis da metade realizan a súa actividade como persoas físicas, mentres que un 30% opera baixo unha sociedade limitada.

Figura 10
Proporción de empresas segundo Condición Xurídica e sector de actividade, 2011

Fonte: Fonte:Instituto Galego de Estatística (IGE)

Na Figura 11 e na Figura 12 amósanse as principais magnitudes económicas segundo a cadea empresarial á que pertencen (información completada no anexo). Cumpre sinalar que para a elaboración da citada táboa, empregouse como fonte a base de datos de Sistemas de Análise de Balances Ibéricos (SABI), onde só figuran aquelas empresas que teñen a obriga contable de presentar as súas contas no rexistro mercantil. Do mesmo xeito, tamén é importante ter en conta que as empresas que se analizan a continuación son as que teñen a súa sede fiscal e social no propio municipio, de tal forma que pode darse o caso de que existan empresas que desenvolvan a súa actividade con regularidade no municipio (como por exemplo franquías, ou cadeas de supermercados) que non se contemplen na análise.

Tendo en conta o anterior, teranse en consideración 409 empresas rexistradas no municipio de A Estrada, que moven anualmente preto de 213 millóns de Euros, xerando 50 millóns de Euros de Valor Engadido Bruto e empregando a máis de 2.000 persoas. Así, a cadea que presenta unha maior actividade, é a referida á Construción e Promoción Inmobiliaria, que agrupa ó 31,70% do número total de empresas (129) empregando a aproximadamente 500 persoas (26% do total). As empresas que forman esta cadea, facturan en torno ós 48 millóns de euros (22% do total), o que supón unha facturación media de 372.000 euros, cunha capacidade de xerar un Valor Engadido Bruto (VEB)[1] de máis de 13 millóns e medio de euros.

Figura 11
Porcentaxe de empresas e facturación segundo a cadea empresarial, 2010

*NOTA: O comercio específico de cada cadea empresarial inclúese dentro da propia cadea. Por exemplo os comercios ó por menor de roupa englobaríanse na cadea de téxtil, e os comercios alimentarios na cadea de agricultura. De xeito xeral, a base de datos SABI ten rexistradas 106 empresas en A Estrada que realizan a súa actividade dentro dos CNAE 46 e 47 de Comercio ó por maior e ó por menor.

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

A cadea con maior transcendencia por volume de facturación é a de Automoción (incluíndo talleres e concesionarios). Esta cadea que apenas representa o 5,41% das empresas

[N]Enténdese por Valor Engadido Bruto (VEB) o valor engadido xerado polo conxunto de produtores/empresas dun territorio, recollendo os valores que se engaden ós bens e servizos nas diferentes etaoas do proceso produtivo. É dicir, mide a riqueza xerada polo sistema empresarial dun territorio.

da vila (22), factura o 28% e xera un valor engadido de 7 millóns de euros. Este dato débese analizar con precaución, pois se observamos a listado de empresas con maior facturación da localidade de A Estrada do Anexo I, podemos ver como tan só unha empresa (Ibericar Gestoso SL), facturan máis de 50 millóns de Euros o que supón máis do 85% do total da cadea no municipio e o que é máis destacable o 24% da facturación total do conxunto do tecido empresarial estradense.

Figura 12
Principais cadeas xeradoras de VEB e Emprego na localidade de A Estrada, 2010

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Seguindo co análise económico financeiro das empresas da vila, as seguintes cadeas con un maior aporte tanto en termos de facturación como de VEB xerado son as asociadas ás actividades de Forestal e produtos transformados da maderia, así como aquelas que gardan relación coa Agricultura a Gandaría e os seus transformados. Estas cadeas en conxunto xeran aproximadamente o 25,37% da facturación e máis do 28% do VEB, sendo polo tanto piares fundamentais da economía local. Neste senso compre destacar a importante actividade de

empresas como, Martínez Otero Contract SL ou Lácteos Montouto SL, ambas entre as 10 primeiras empresas da vila.

Finalmente, cumpre sinalar que outras actividades con importancia polo número de empresas con actividade no municipio, son as englobadas nas cadeas de Comercio e Distribución non específica (7,86% das empresas), e de Loxística e Transporte (4,67%). Estas dúas cadeas xeran aproximadamente o 12% dos empregos no municipio, e o 9,85% da facturación empresarial. Así, empresas destas cadeas tamén aparecen na listaxe do anexo I, trátase de empresas como Transporte e Maquinaria CP SL, Mato Taboada SL ou Ferroestrada SL. Débese ter en conta aquí, que as empresas asociadas a franquías de supermercados ou entidades bancarias, por exemplo, non aparecen reflectidas neste análise, xa que aínda que teñen actividade na localidade, presentan as súas contas fora de A Estrada. Do mesmo xeito, tamén é importante matizar o feito de que tampouco se teñen en conta os empresarios autónomos, dado que estes non están obrigados a presentar as súas contas no rexistro mercantil.

Comparando estas cifras, coas cifras do conxunto da economía galega e provincial que se reflicten nas táboas do Anexo II, a economía deste municipio da comarca de Tabeirós - Terra de Montes presenta bastantes semellanzas coa galega e provincial, onde as actividades asociadas ás cadeas de Construción e Automoción son as que adquiren unha maior relevancia. Sen embargo, onde si se observan diferenzas é nas cadeas de Forestal e Produtos Transformados da Madeira e de Agricultura, Gandaría e os seus transformados que posúen un maior peso dentro do tecido produtivo estradense que no conxunto da economía galega e provincial, en parte debido á gran tradición que estas dúas actividades posúen neste municipio de Tabeirós -Terra de Montes.

En canto ás actividades asociadas ás cadeas de Comercio e distribución non específica e Loxística e Transporte, a importancia destas en A Estrada, está máis ou menos parella á importancia que posúen no conxunto da economía galega e provincial.

Profundando máis nos aspectos analizados na figura anterior, e para comprobar cal é a contribución de A Estrada á Cadea de Automoción galega e provincial, na Táboa 4 pódense observar cáles son as principais magnitudes asociadas á cadea en cada ámbito xeográfico, de tal xeito que se observa como A Estrada representa o 1,83% das empresas da provincia, pero tan só consigue representar o 0,79% da facturación do sector en Pontevedra. A nivel autonómico as cifras de representatividade rondan o medio punto porcentual

Táboa 4
Importancia da cadea de Automoción de A Estrada sobre Galicia e Pontevedra, 2010

	Facturación (miles €)	Empregos	VEB (miles €)	Número de Empresas
A Estrada	60.346€	238	7.129€	22
Pontevedra	7.635.138€	25.129	1.116.432€	1.199
Galicia	9.701.884€	37.795	1.475.524€	3.032
Peso de A Estrada sobre o total de Pontevedra	0,79%	0,94%	0,63%	1,83%
Peso de A Estrada sobre o total de Galicia	0,62%	0,62	0,48%	0,72

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Por outra banda, analizando os pesos referentes á cadea de Forestal e produtos transformados da madeira, de gran importancia para o Concello de A Estrada, observase na Táboa 5 como esta importancia se traslada ó conxunto do sector provincial, pois a industria forestal e do moble de A Estrada supón máis do 8% da facturación a nivel provincial e o 10% do Valor Engadido Bruto xerado. Así mesmo esta cadea estradense é capaz de xerar o 6% dos empregos da cadea de Pontevedra. Polo que respecta ás cifras a nivel autonómico, o peso desta industria estradense sobre o conxunto da industria galega é considerable pois rodean e sobrepasan o punto e medio porcentual en todas as magnitudes analizadas.

Táboa 5
Importancia da cadea de Forestal e produtos Transformados da madeira de A Estrada sobre Galicia e Pontevedra, 2010

	Facturación (miles €)	Empregos	VEB (miles €)	Número de Empresas
A Estrada	30.310€	365	10.828€	46
Pontevedra	366.470€	6.087	107.246€	1.017
Galicia	2.135.032€	22.135	601.592€	2.809
Peso de A Estrada sobre o total de Pontevedra	8,27%	5,99%	10,09%	4,52%
Peso de A Estrada sobre o total de Galicia	1,41%	1,64%	1,79%	1,63%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

En canto á cadea de Agricultura, gandaría e os seus transformados, para comprobar cal é a contribución de A Estrada á mesma, na Táboa 4 pódense observar cáles son as

principais magnitudes asociadas á cadea en cada ámbito xeográfico, de tal xeito que se observa como A Estrada representa máis do 1,2% da cadea provincial de agricultura, gandaría e os seus transformados.

Táboa 6
Importancia da cadea de Agricultura, Gandaría e os seus Transformados de A Estrada sobre Galicia, 2010

	Facturación (miles €)	Empregos	VAB (miles €)	Número de Empresas
A Estrada	19.855€	180	3.493€	35
Pontevedra	1.567.791 €	12.182	265.014 €	1.588
Galicia	5.975.128 €	34.802	988.224 €	4.608
Peso de A Estrada sobre o total de Pontevedra	1,26%	1,47%	1,31%	2,20%
Peso de A Estrada sobre o total de Galicia	0,33%	0,51	0,35%	0,75%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

En canto ás explotacións agrícolas rexistradas no Concello de A Estrada, estas segundo o IGE son 1.483, se ben cabe destacar que o seu número viuse reducido dende o ano 1999 cando o número de explotacións agrarias acadaba máis de 3.556. Por outra banda, en canto á superficie destinada a usos agrícolas en A Estrada, esta é de 28.086,8 Hectáreas, das cales máis do 38% está dedicado a especies forestais e aproximadamente o 25% a terras arables. Feito que volve a destacar a importancia que a produción forestal ten para este municipio de Tabeirós – Terra de Montes.

Táboa 7
Distribución da superficie agraria 2011

Usos	Hectáreas	%
Horta	0,1	0,00%
Invernadoiros e similares	0,2	0,00%
Terras arables	7.049,20	25,10%
Frutais	94,9	0,34%
Asociación viñedo-frutal	0,7	0,00%
Viñedo	224	0,80%
Pasteiro	5,5	0,02%
Pasto con arborado	710,1	2,53%
Pasto arbustivo	6.458	22,99%
Especies Forestais	10.864,80	38,68%
Outros espazos non agrícolas	2.679,30	9,54%
TOTAL	28.086,80	100,00%

Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España 2012

Outra das actividades que pode resultar clave para o municipio de A Estrada é a vinculada ó Turismo, Ocio e Relacionados, así, segundo o anuario Caja España 2012, A Estrada conta coa infraestrutura de acollida e recepción de visitantes recollida na Táboa 8, onde se

pode apreciar cómo no último ano se mantiveron estables os establecementos dedicados a hospedaxe, mentres que os de restauración e comidas diminuíron a súa presenza no conxunto da Infraestrutura turística. Estes establecementos, segundo o IGE, teñen unha capacidade para acoller a máis de 225 persoas. Capacidade á que habería que engadir a ofertada polas 10 casas rurais das que se teñen constancia no municipio con 282 prazas segundo o propio IGE.

Táboa 8
Infraestrutura Turística, 2010-2011

	2010	2011	Variación
Hoteis e Moteis	4	4	0%
Hostais e Pensións	3	3	0%
Fondas e Casas de Hóspedes	4	4	0%
Apartahoteis	0	0	0%
Restaurantes	35	34	-2,9%
Cafeterías	6	7	16,7%
Cafés e Bares	119	125	5%

Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España 2012

Finalmente, en canto a estrutura do comercio no Concello de A Estrada, segundo o que se observa na táboa Táboa 9, existen un total de 637 establecementos alí situados, de entre os que destacan os que realizan ventas de téxtil e calzado, e aqueles que teñen a súa venta especializada en fogar e bricolaxe, pois xuntos suman case un tercio dos comercios de A Estrada.

Táboa 9
Estrutura do Comercio, 2010-2011

	2010	2011	Variación
Frutas, Verduras e Tubérculos	12	13	8,3%
Cárnicos	11	10	-9,1%
Peixe e derivados da pesca	7	7	0%
Pan, Pastelería e Confitería.	10	10	0%
Tabaco e produtos de fumador	29	21	-25%
Alimentos e bebidas en xeral	40	37	-7,5%
Téxtil e calzado	118	112	-5,1%
Farmacia e droguería	37	35	-5,4%
Fogar e Bricolaxe	103	96	-6,8%
Vehículos e recambios	44	45	2,3%
Combustibles	7	7	0%
Bens usados	2	3	50%
Comercio mixto	45	44	-2,2%
Outros comercios	90	89	-1,1%
TOTAL	664	637	-4,1%

Fonte: Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España 2012

- ***Asociacionismo e cooperación empresarial en A Estrada:***

Á cooperación é un dos aspectos fundamentais no marco de pequenas empresas predominante no Concello de A Estrada dado que propicia o incremento das súas capacidades competitivas e mellora a súa eficiencia.

Unha das formas de cooperación empresarial tradicional e máis estendida é a constitución de asociacións empresariais, ben sectoriais ou ben máis xerais. Así, no caso da localidade de A Estrada, o asociacionismo empresarial predominante é de nivel local. Deste xeito destaca a presenza da Asociación de Comerciantes da Estrada (ACOE). Esta asociación ten como obxectivo principal potenciar o atractivo de zonas comerciais tradicionais, promovendo un comercio máis organizado e máis competitivo. Para conseguir os seus obxectivos, ofrece ós seus asociados servizos tales como :

- Asesoramento para solicitude de axudas, formación, descontos, etc…
- Xestión de denuncias en relación á labor comercias dos asociados.
- Elaboración de campañas de rebaixas, feiras de oportunidades…etc.
- Programa formativo que pretende mellorar as capacidades dos asociados e dos seus empregados.

Tamén a nivel sectorial destaca a presenza en A Estrada da Asociación Agraria de Xoves Agricultores da Estrada (ASAJA), que pretende mellorar a situación deste colectivo e dar a coñecer o sector agrario. Tamén no sector agrario débese mencionar a Asociación Maceira e Sidra da Estrada que naceu co obxectivo expreso de impulsar a actividade económica local ligada á produción de mazá e de sidra na localidade estradense.

Finalmente, a Asociación Comarcal de Empresarios da Estrada (ACE), é unha organización de tipo xeralista que busca defender os intereses do conxunto do tecido empresarial da localidade de A Estrada, e non só dun sector en concreto. A ACE forma parte dunha importante organización de ámbito provincial como é a Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP). Ademais, é importante coñecer o feito de que algunhas empresas do municipio estradense tamén son asociadas do Clúster da Madeira de Galicia, ou do Clúster Alimentario entre outros.

A nivel comarcal, as empresas de turismo rural de A Estrada teñen a posibilidade de integrarse na Asociación de Turismo Rural e Ocio da Comarca de Tabeirós Terra de Montes, denominada comercialmente como Mar de Compostela, que ofrece a posibilidade a este tipo de establecementos de promocionarse conxuntamente, a máis dun servizo tan importante como unha central de reservas online para todos os seus asociados.

D. Principais Recursos e Capacidades no ámbito da innovación .

A presenza de centros de Investigación, Desenvolvemento e Innovación , nunha determinada área ou nun sector de actividade, xera innumerables beneficios de cara ó tecido empresarial dese sector e da propia área de influencia na que se ubica. Entre os principais beneficios, destaca a idea de que impulsa e facilita a transferencia de coñecemento, representa ó sector e á área en foros internacionais e nacionais, e favorece a aplicación e posta en práctica dos desenvolvementos tecnolóxicos no sector do que forma parte, garantindo o *"feedback".*

Nos arredores de A Estrada, desenvolven a súa actividade varios centros e organismos de I+D+i. Así, cumpre sinalar os seguintes:

- O Observatorio Astronómico de Forcarei, centro público creado con finalidade científica, didáctica e divulgativa, pertencente á Fundación Ceo, Ciencia e Cultura.

- A localización próxima das Universidade de Vigo e de Santiago de Compostela, tamén incrementa as posibilidades de transferencia do coñecemento e posibilita e acerca as relacións universidade – empresa ó núcleo territorial de A Estrada, grazas a presenza de numerosos grupos de investigación e á posibilidade de formación superior especializada.

A maiores destes centros que se sitúan na contorna deste municipio, existen importantes centros de investigación en Galicia, relacionados coas actividades clave da localidade, como poden ser o Centro Tecnolóxico da Madeira (Ourense), o Centro Tecnolóxico da Carne (Ourense), a Plataforma Tecnolóxica Galega de Alimentación (Lugo), ou o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán (Pontevedra) entre outros.

Tamén dende o ámbito empresarial, as empresas do Concello de A Estrada están a desenvolver políticas de innovación constante para a mellora dos seus resultados e dos seus produtos. Así por exemplo destacan empresas que colaboran en proxectos de I+D+i universitarios, como poden ser Vidriomoss S.L que en colaboración coa Universidade de Santiago realizou un estudo sobre o templado químico do vidro; ou Corral y Couto que participa activamente no Mestrado en Arquitectura Sanitaria e Asistencial da Universidade da Coruña.

Así mesmo, neste concello existen empresas que fan da innovación constante unha das súas liñas de actuación fundamentais como por exemplo sería o caso da Empresa Martínez Otero de proxectos de interiorismo, que basea a súa filosofía empresarial en crear valor a

través da innovación, para poder ofrecer mellores produtos e servizos ós seus clientes, ou o da empresa Panadería Cervela, que soubo conxugar a tradición dun negocio familiar coa innovación dos medios de produción, para na actualidade expandirse e contar con preto dunha decena de establecementos e ofrecer máis de cincuenta referencias de produtos.

4. PRINCIPAIS DATOS SOBRE EMPRENDEMENTO EN GALICIA E NO CONCELLO DE A ESTRADA

A. Principais datos sobre o emprendemento en Galicia

Antes de tratar dunha forma explícita as características do emprendemento no Concello de A Estrada, compre coñecer cáles son as principais **características dos emprendedores e do emprendemento en Galicia.** Así, segundo o Informe GEM Galicia 2010, os emprendedores galegos presentan unha serie de rasgos básicos. Por exemplo, parece evidente que o porcentaxe de homes é maioritario en todas as fases do proceso emprendedor, quedando patente a gran diferenza que existe entre sexos, se ben o número de mulleres que decidiron poñer en marcha unha experiencia deste tipo incrementouse paulatinamente nos últimos anos.

En canto á idade media dos emprendedores galegos, esta incrementouse practicamente en todas as fases do proceso, resultando as cifras que se poden comprobar na **Táboa 10**. Tendo en conta isto, é importante destacar o feito de que a presenza de emprendedores entre 24 e 34 anos é cada vez menor en todas as fases do proceso.

Táboa 10
Idade media do emprendedor segundo a fase do proceso emprendedor, 2010

	Emprendedor Potencial	Emprendedor Nacente	Novo Emprendedor	Emprendedor Incipiente	Emprendedor Consolidado	Emprendedor que abandonou
Idade Media	38	46	38	40	45	42

Fonte: Informe GEM Galicia 2010

Tamén é relevante coñecer o nivel formativo dos emprendedores galegos. Así, entre os emprendedores potenciais destacan aqueles que posúen estudos de Formación Profesional, seguidos daqueles que tan só posúen estudos obrigatorios e dos que posúen formación universitaria. Por outro lado, unha das habilidades clave que ten que posuír un emprendedor para desenvolver o seu proxecto con éxito é a formación vinculada á creación e xestión empresarial. Sen embargo, e pese a isto, o nivel de formación específica para todo tipo de emprendedores diminúe con respecto ós anos anteriores.

Finalmente, polo que respecta ó entorno preferido polos emprendedores para establecer a súa idea de negocio, é o entorno urbano, en onde o porcentaxe de implantación supera o 80%, diminuíndo ademais o número de abandonos neste ámbito. No outro lado da balanza sitúanse as iniciativas desenvoltas no entorno rural onde diminuíron máis dun 50% as iniciativas nacentes e aumentou considerablemente o abandono de iniciativas.

En definitiva, o perfil predominante do emprendedor en Galicia coincide co dun home ó redor dos 41 anos, que reside nun entorno urbano e posúe formación universitaria, se ben o espírito emprendedor aumentou notablemente entre aqueles que posúen estudos de formación profesional.

Centrándose xa nas **características das propias iniciativas emprendedoras en Galicia**, en primeiro lugar farase referencia ó sector xeral no que se sitúan, e é que os servizos orientados ó consumo continúan a ser o sector maioritario, sen embargo, a importancia do seu peso descendeu, sendo o sector dos servizos a empresas o que máis creceu en todas as fases e o sector extractivo o que máis diminuíu a súa presenza. Pola súa parte, o sector transformador reduciu a súa presenza na actividade incipiente, pero pola contra aumentouna nas iniciativas consolidadas.

Si se fala das dimensións das iniciativas, destacan as apostas individuais, reducíndose o número medio de propietarios en todas as fases. En termos de emprego, aumentan as iniciativas que non contan con empregados en todas as fases do proceso, trátase polo tanto de iniciativas orientadas ó autoemprego, que non son xeradas con vocación de crecemento e expansión de emprego.

Outro dato de relevancia que caracteriza ó emprendemento nun territorio, é o nivel de innovación e de uso das novas tecnoloxías. No caso galego, a falta de innovación caracteriza ó 80% das iniciativas, con independencia da etapa do proceso emprendedor na que se atopen. Deste modo, a porcentaxe de iniciativas nacentes que recoñecen certo grao de innovación reduciuse notablemente. Como consecuencia deste feito, os proxectos emprendedores de Galicia, teñen unha presenza nula ou escasa en sectores tecnolóxicos o que vai en detrimento da produtividade das iniciativas galegas e afectan negativamente á súa competitividade. Ademais, a previsión de expansión e internacionalización que presentan as iniciativas que xorden en Galicia é moi reducida, sendo os emprendedores nacentes os que se amosan máis optimistas ó respecto. Pese a isto, outro feito destacable das iniciativas emprendedoras de Galicia e que, exceptuando as iniciativas novas, a porcentaxe de proxectos que teñen o exterior como obxectivo aumentou sensiblemente.

En conclusión, pódese dicir que continúan a ser maioritarias as iniciativas de servizos orientadas ó consumo promovidas por propietarios individuais. A escasa innovación na oferta e a percepción de moita competencia no entorno é outra das conclusións que se extrae do Informe GEM Galicia 2010, onde como aspecto positivo se remarca o feito de que cada vez son máis os emprendedores que ven na internacionalización unha perspectiva de futuro.

B. Principais datos sobre o emprendemento e o emprego no Concello de A Estrada

Para a realización deste epígrafe recorreuse á información proporcionada por diversas entidades de ámbito local, como o propio Concello de A Estrada ou o GDR Ulla-Umia-Lérez, recollendo tamén información proporcionada polo IGAPE. Así, a través destes datos tentarase ofrecer unha visión da situación global do emprendemento nesta vila.

Deste xeito, en materia de creación de empresas nos anos 2011 e 2012 o IGAPE- BIC Galicia, colaborou e apoiou a posta en marcha de tres novos proxectos de emprendemento concretos no Concello de A Estrada, en ámbitos como a saúde, o forestal-madeira ou a hostalaría.

En canto ó propio servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAEP), trátase dun servizo público gratuíto proporcionado polo Concello de A Estrada, que pretende facilitar a implantación de iniciativas empresariais xeradoras de emprego. Así, este servizo emprega unha metodoloxía diferente que mestura acompañamento presencial e virtual da autoconsulta, abarcando diferentes fases do proceso emprendedor, sendo o asesoramento totalmente personalizado segundo as necesidades do emprendedor, destacando as seguintes liñas:

- Asesoramento integral
- Axuda na tramitación e constitución da empresa
- Apoio na elaboración do proxecto empresarial
- Información das axudas e liñas de financiamento aplicables ó proxecto.

En liña co anterior, dende o SAEP do Concello de A Estrada, durante o ano 2012 asesoraron e informaron a 32 persoas, en materia de emprendemento. Cómpre ter presente en todo momento que os datos analizados correspóndense exclusivamente con usuarios clasificados como emprendedores, polo que non constan aquí os usuarios de orientación, formación, inserción a través de programas públicos de emprego. Así, dos 32 proxectos de creación de empresas que solicitaron información máis de 25 concretaron o seu proxecto empresarial e culminaron na creación dunha empresa, vinculadas tanto a sectores tradicionais como a imaxe persoal ou a reparación de automóbiles, como a outras actividades relacionadas con novas oportunidades de negocio neste territorio como poden ser as enerxías renovables ou a produción de novos produtos agroalimentarios que ata o momento non tiñan presenza na zona (sidra, xelados…).

Segundo o propio servizo de emprendemento do Concello de A Estrada existe tamén unha bolsa de emprendemento potencial no concello, formada por preto de 15 proxectos que están próximos a iniciar a súa actividade, pendentes da constitución formal da empresa ou da alta no rexistro de traballadores autónomos.

Neste senso é importante destacar o feito de que durante o ano 2012 e ata a actualidade o Concello apoiou e está a apoiar varias Iniciativas Locais de Emprego (ILE) coma AGF Solucións, "A Liñara" (fabricación artesanal de xeados) e unha empresa de fabricación artesanal de cervexa que dará os seus primeiros pasos coma empresa os próximos meses.

Tamén cumpre sinalar o feito de que sendo un dos programas fundamentais do programa de Axentes de Desenvolvemento Local (ADL) o fomento e a creación de Empresas de Base Tecnolóxica (EBT), no ano 2012 apoiouse un proxecto que se concretara durante este ano, estando na actualidade na fase de constitución formal da empresa.

Tendo en conta todo o anterior, de todas as consultas recibidas dende este departamento do Concello de A Estrada, extráense unha serie de conclusións sobre as características dos emprendedores e o emprendemento na vila:

- **A maioría dos emprendedores potenciais sitúanse entre os 30 e os 40 anos de idade, situándose a súa idade media nos 36 anos e medio.**
- **Un 58% dos emprendedores potenciais son homes e o 42% son mulleres.**
- **A maioría dos emprendedores potenciais do Concello da Estrada posúe estudos universitarios (31,6%) ou de Formación Profesional (29%).**

Se comparamos estes datos, cos datos do emprendemento en Galicia, extraídos do informe GEM Galicia, obsérvase unha gran similitude no perfil do emprendedor estradense co galego en xeral, se ben a súa idade media é menor no caso de A Estrada.

Finalmente e polo que respecta ó eido do emprendemento, dende o concello estradense, e baseándose na importancia para as empresas de contar cunha páxina web actualizada e profesional que facilite o contacto cos clientes, ofrécese gratuitamente o servizo de deseño, creación e aloxamento web ós novos emprendedores.

Por outra banda e no tocante ó apoio e potenciación da xeración do emprego, neste concello, para impulsar a relación entre demandantes e ofertantes de emprego, xerouse por un lado unha bolsa de empresas na que se integran empresas do concello e da comarca, facilitando así o acceso dos empresarios ós servizos que gratuitamente ofrece a concellaría (selección de persoal, formación dos traballadores, asesoramento en materia de axudas e subvencións…); e por outro lado outra bolsa, neste caso de emprego, a través da que se

xestionaron un total de 36 ofertas de traballo, creando deste xeito unha rede de cooperación entre os diferentes axentes económicos e sociais locais.

Tendo en conta isto, en materia de emprego, dende o Concello de A Estrada a través deste servizo, teñen detectado unha serie de posibles nichos de emprego no seu territorio, vinculados especialmente á agricultura ecolóxica, ás enerxías renovables e á necesidade de contar con community manager que axuden ás empresas a potenciar a súa imaxe na rede. Así mesmo, na Figura 13 amósanse cales son os grupos ocupacionais máis contratados e os que posúen unhas mellores perspectivas na comarca de Tabeirós -Terra de Montes da que forma parte A Estrada.

Figura 13
Grupos Ocupacionais e máis contratados na comarca de Tabeirós - Terra de Montes (Cerdedo, A estrada e Forcarei)

GRUPOS OCUPACIONAIS MÁIS CONTRATADOS	GRUPOS OCUPACIONAIS CON MELLORES PERSPECTIVAS
▪ **Camareiros asalariados**	▪ Camareiros asalariados
▪ **Vendedores en tendas e almacéns**	▪ Ebanistas e traballadores afíns
▪ **Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares**	▪ Peóns de industrias manufactureiras
▪ **Condutores asalariados de camións**	▪ Profesores e profesionais do ensino non clasificados baixo outras epígrafes
▪ **Albaneis**	▪ Empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes
▪ **Ebanistas e traballadores afíns**	▪ Axudantes de cociña
▪ **Peóns das industrias manufactureiras**	▪ Peóns forestais e da caza
▪ **Profesores e profesionais do ensino non clasificados baixo outras epígrafes[56]**	▪ Condutores de autobuses e tranvías
▪ **Carpinteiros (agás ebanistas)**	▪ Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural
▪ **Empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes**	▪ Traballadores dos servizos de protección e seguridade non clasificados baixo outras epígrafes[57]

[56] Inclúe: formadores de formación non regrada, formadores ocupacionais, formadores-titores de empresa, orientadores escolares e titores de formación aberta e a distancia.
[57] Inclúe: celadores sanitarios e coidadores de discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais.

Fonte: Concello de A Estrada

Finalmente, dende o Concello de A Estrada, tamén se presta atención á actualización formativa, tanto de desempregados, como de traballadores en activo ou emprendedores potenciais, ofrecendo dende a Fundación Cultural unha serie de itinerarios formativos estruturados tal e como se amosa na Figura 14.

Figura 14
Proxecto Itinerarios Formativos da Fundación Cultural A Estrada

Itinerarios Formativos

Desempregados	Emprendedores	Autónomos
• Marca Persoal • Ferramentas tradicionais para a procura de emprego • Taller práctico: Entrevista de selección e dinámicas grupais • Redes Sociais e selección de persoal: Recrutamento 2.0. • Titorizacións personalizadas	• Xeración e maduración de Ideas • Aspectos xurídicos e fiscais • Trámites de constitución • Busca de financiamento • Plan Económico Financeiro • Coaching para emprendedores • Titorizacións personalizadas	• Excel para autónomos • Xestión do meu negocio • Control de custes e orzamentos • Entender ó meu xestor • Prevención de riscos laborais • Xestionar a lei de protección de datos • Xestión do tempo • Aprendendo a vender • Titorizacións personalizadas

Fonte: Concello de A Estrada

A parte de esta información de carácter xeral sobre o emprendemento e o emprego no Concello de A Estrada, é fundamental destacar a labor que exercen determinados organismos de carácter comarcal de cara ó fomento do emprego e o emprendemento na comarca. Así, destaca o GDR Ulla-Umia-Lerez

A acción deste ente está encamiñada á realización de proxectos que fomenten o emprego, o emprendemento e a innovación na súa área de actuación. Así, dende o ano 2010, segundo os datos extraídos da páxina web do propio GDR (http://www.ullaumialerez.eu/), puxéronse en marcha preto de 20 proxectos financiados en parte por esta entidade no territorio estradense, que supuxeron unha inversión de máis de 700.000 € destinados a proxectos variados, como os que se citan a continuación:

- Proxectos no ámbito do sector agrario e alimentario, que pretenden a dinamización destas actividades tradicionais no territorio. Así destacan entre outros, proxectos de plantacións de mazá autóctona, proxectos destinados á mellora da comercialización de produtos agroalimentarios ou proxectos de aproveitamento silvopastoril entre outros.
- Proxectos que pretenden a mellora competitiva das empresas da área de influencia do GDR, inversión que ten o seu efecto no aumento da producción, da xeración de postos de traballo, e na redución de custes empresariais. Neste eido destacan proxectos asociados á compra de maquinaria e modernización de instalacións como poder ser a mellora tecnolóxica dunha panaderia, dunha

marmolería, dunha explotación leiteira, ou a construción dunha nave para o procesado de biomasa a partir de restos agrícolas e monte baixo, entre outras

- Proxectos no eido do comercio e do turismo que inciden nas sinerxías que posúen estes sectores con outros sectores tradicionais da vila. Deste xeito financiouse a posta en marcha dunha tenda de artesanía local, e tamén a realización de actividades complementarias nunha casa de turismo rural, concretadas mediante rutas 4x4 e unha tenda de produtos elaborados na zona, entre outras iniciativas.
- Proxectos de índole social, cultural e natural, como poden ser a mellora do servizo de transporte adapatado, que contribúe a inserción laboral das persoas con discapacidade; a mellora de museos, ou a creación da rede de custodia fluvial entre outras actuacións.

5. SÍNTESE DAS ENTREVISTAS REALIZADAS NO CONCELLO DE A ESTRADA

A. Síntese das entrevistas realizadas

Trala realización das entrevistas correspondentes no Concello de A Estrada, seguindo tanto a temática orientativa amosada na Figura 2 e que se reflicte na introdución deste documento, como a estrutura presentada nas entrevistas que se recollen nos anexos a este documento, pódense extraer unha serie de conclusións derivadas das opinións dos axentes entrevistados, sobre as potencialidades e as posibilidades de emprendemento neste concello da comarca de Tabeirós – Terra de Montes.

Así, en primeiro lugar, polo que respecta ás **potencialidades detectadas** polos axentes entrevistados, tanto dende o punto de vista da Administración Local, como dende a visión dos emprendedores, a principal baza coa que conta este concello é o seu enclave ou emprazamento xeográfico, pois esta vila sitúase no centro de Galicia, de tal xeito que en menos dunha hora é posible achegarse a practicamente todos os grandes núcleos de poboación galegos, contando ademais a Estrada con moi boas comunicacións viarias. Neste senso, é especialmente relevante a proximidade a Santiago de Compostela, que permitiu segundo o manifestado polos axentes entrevistados, que A Estrada se convertese nunha das zonas residenciais da capital de Galicia.

A maiores do emprazamento xeográfico, para a maioría dos axentes entrevistados, outra das grandes potencialidades desta vila, situaríase en torno ó aproveitamento dos recursos agro-forestais que están a manifestar gran fortaleza e máis resistencia á crise na actualidade. Así, son moitas as experiencias positivas de éxito que están a xurdir en torno a estes sectores de actividade, detectándose dende o ámbito público un interese crecente nas mesmas, sobre todo entre os máis novos, que "ven no campo unha saída a súa situación de inactividade". En liña con esta idea os axentes emprendedores contactados, opinan que a clave do éxito destas iniciativas se atoparía "*na especialización e no aporte de Valor Engadido as producións"* e na "*vinculación dos produtos locais á gastronomía e ó turismo gastronómico*" dándose a coñecer entre os prescriptores da zona, ofrecendo deste xeito un produto completo e elaborado cunha maior posibilidade de saída ó mercado e achegamento ós clientes potenciais.

Por outra banda tamén existe por parte dos axentes entrevistados a percepción de que a existencia dunha imaxe propia e unha marca de sona, asociada ós produtos do moble estradense, é unha gran potencialidade para este sector, pois xa conta cun oco diferenciado no

mercado. Sen embargo tanto dende o ámbito público como dende o privado, crese que se debe aproveitar mellor este feito, modernizando e innovando o produto e procesos que ata o momento se veñen desenvolvendo de xeito tradicional e sen apenas introducir ningunha innovación.

Continuando coas iniciativas ou **oportunidades de negocio concretas** identificadas ó longo das entrevistas realizadas, e moi en liña con todo o dito ata o momento, xurdiron ideas en torno o sector primario en xeral, como por exemplo a produción ecolóxica especializada, ou xa máis relacionada coa gandaría a posibilidade de afondar na idea de crear unha marca cárnica para un produto de calidade e cun correcto sistema de trazabilidade, ou baseándose no éxito de iniciativas levadas a cabo noutras localidades, a transformación artesanal de lácteos.

Tamén o turismo aparece como unha actividade que pode chegar a ter éxito nesta área sempre e cando, seguindo o dito polos axentes entrevistados se consiga "*enfocar a actividade turística cara ó ocio relacionado co mundo rural",* propiciando a venda de "*paquetes*" ou un *"produto turístico elaborado*" e centrado no turismo de experiencia, buscando incluso sinerxías co programa cultural deste concello, e coa tamén existente tradición na zona en torno a cinexética.

Polo que respecta a sectores máis innovadores menos tradicionais na vila, os axentes entrevistados, creen que existen oportunidades de negocio relacionadas tanto coas novas tecnoloxías a través de profesións como a de community manager, como coas enerxías renovables e a eficiencia enerxética, investindo en enerxías más limpas e na redución dos custes enerxéticos, coa que as Administracións Públicas en xeral e, segundo a opinión dos axentes do sector privado, se deben comprometer dun xeito decidido.

Finalmente, para rematar coas oportunidades de negocio detectadas a través destas entrevistas realizadas no Concello de A Estrada, segundo o expresado a situación demográfica actual desta localidade e das áreas próximas fai posible a existencia dun **nicho de negocio** vinculado ó coidado das persoas maiores e a prestación de servizos que melloren a calidade de vida e o benestar da poboación local.

Centrándose xa nos **facilitadores ó emprendemento**, detectados polos axentes entrevistados neste Concello de Tabeirós -Terra de Montes, destácase a existencia do proxecto da Nova Praza de Abastos, onde se ten proxectado crear un espazo adicado ó emprendemento, mediante a posta en marcha dun viveiro de empresas, conxuntamente cunha residencia e unha ludoteca. A este feito engádeselle a existencia de numerosas naves

baleiras no Concello a uns prezos moi accesibles, o que fai desta vila un lugar atractivo para as empresas á hora de escoller unha ubicación. Ambas circunstancias facilitan o emprendemento no Concello da Estrada, localidade, onde segundo os axentes entrevistados, existe unha importante iniciativa emprendedora, e onde, ó contrario do que ocorre en moitas zonas de Galicia, xa se está a consolidar o traballo conxunto a través de diversas asociacións como a Asociación Maceira e Sidra de A Estrada, que agrupa ós produtores de mazá e sidra locais, ou a Asociación de Comerciantes de A Estrada (ACOE), que revitalizaron o comercio local a través da organización e o esforzo común.

Pese a todo isto, no apartado dedicado a identificar **barreiras para o xurdimento e o éxito das iniciativas emprendedoras** manifestouse que no contexto actual , o principal problema co que se están a atopar os emprendedores potencias é a busca de fontes de financiamento, destacando tamén a percepción de que se precisa dunha importante dinamización da Administración Pública, posto que o exceso de tramitación e a lentitude dos trámites, unido á descordinación entre organismos, tamén é vista como outra importante barreira ó emprendemento.

Outras dificultades para o acceso ó emprendemento identificadas no concello Estradense, terían que ver coa existencia de ineficiencias nos sistemas de telecomunicacións, sobre todo no referente á cobertura telefónica e na inexistencia de alta velocidade no ADSL, que impiden o desenvolvemento do traballo cotiá dun xeito cómodo ás empresas alí instaladas.

Neste contexto, todos os axentes consultados mediante esta iniciativa, consideran que o **apoio da Administración Pública Local e Provincial** ó emprendemento e ó emprego é fundamental. Así, os axentes empresariais sinalan que iniciativas como a creación por parte do Concello, de "Estrada Dixital", entidade que suministra ADSL e elabora as páxinas web das iniciativas emprendedoras locais a prezos módicos, son as que deben primar.

Polo que atinxe á Administración Pública Provincial, segundo o exposto polos axentes entrevistados, esta debería actuar como un organismo que de xeito obxectivo coordine ós demais entes con competencias en materia de emprego e emprendemento, así esta "*debería marcar uns obxectivos en torno ós que traballasen todas as Administracións Locais de forma conxunta, lóxica e congruente"*. Así mesmo sería importante, segundo o expresado, que dende a Administración Provincial se tentase integrar e unificar a información existente nos concellos de cara a unha mellor organización e estandarizando de xeito formal o seu servizo, á vez que se debería apoiar a formación, tanto dos propios emprendedores , a través de xornadas dinámicas e atractivas que axuden a perder o medo ó risco dos emprendedores potencias,

como dos AEDL, a través dun maior contacto entre eles que facilite o intercambio de iniciativas de éxito.

Neste senso é importante destacar o feito de que os axentes emprendedores entrevistados inciden na importancia de contar cunha Administración máis áxil e flexible, que reduza a burocracia e limite os tempos de espera, e que proporcione apoio ás empresas á hora da realización dos trámites iniciais e na comprensión da propia documentación administrativa, sendo de moita utilidade o contar co apoio dunha Administración Local próxima e preocupada, onde prime un ambiente máis favorable e onde a inversión se realice dun xeito máis efectivo de cara ó interese xeral , solicitando tamén actuacións concretas coa finalidade de dar a coñecer os produtos e servizos locais e facilitando, por tanto, a comunicación entre as iniciativas emprendedoras e o seu público obxectivo.

Finalmente, e a modo de conclusión, resaltar a idea expresada durante todas as entrevistas realizadas neste Concello, de que é preciso o "*traballo conxunto de representantes políticos, empresas e asociacións nun mesmo camiño, tratándose en definitiva de buscar sinerxías no traballo conxunto de cara a profesionalización das empresas locais e á diferenciación dos seus produtos".*

B. Cadro resumo

NOVAS INICIATIVAS DOS ENTES LOCAIS

Concello de A Estrada

- Dende o Concello, e considerando prioritaria esta área de intervención, púxose en marcha o proxecto de remodelación do Novo Mercado, que contará cun viveiro empresarial, residencia e ludoteca.
- Creación do ente " A Estrada Dixital" que facilita o acceso á banda ancha ás empresas locais, e elabora as páxinas web das iniciativas emprendedoras postas en marcha no municipio a un módico prezo.

CÓMO PODEN AXUDAR AS ADMINISTRACIÓNS?

- Coordinación de recursos e capacidades de todos os entes públicos e privados que teñan competencias no ámbito do emprendemento e o emprego.
- Incentivo á formación , a comunicación e ó intercambio de experiencias positivas entre a rede de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local, estandarizando o servizo ofrecido polos mesmos.
- Flexibilización e axilización de trámites burocráticos á hora de crear unha empresa, reducindo os tempos de espera.
- Apoio ás iniciativas emprendedoras de cara a facilitar o acercamento ós seus clientes potenciais e darse a coñecer entre o seu público obxectivo.
- Apoio á formación de empresarios e emprendedores que propicie o dinamismo e a perda do medo a asumir riscos.
- Simplificación da documentación Administrativa e axuda ás empresas á cumprimentación de trámites e documentos.

ÁMBITOS DE DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL E EMPRENDEMENTO

En Xeral:

- No contexto actual é preciso o "*traballo conxunto de representantes políticos, empresas e asociacións nun mesmo camiño, tratándose en definitiva de buscar sinerxías no traballo conxunto de cara á profesionalización das empresas locais e á diferenciación dos seus produtos".*
- Os emprendedores potenciais deben centrar os seus esforzos nun campo ou sector de actividade do que sexan profundos coñecedores, e que á vez lles resulte atractivo, chegando en moitos casos a vincular o ocio persoal cun pequeno negocio.

ÁMBITOS DE DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL E EMPRENDEMENTO (continuación)

En concreto:

- **Agro - Alimentación:** Produción cárnica de calidade e transformación de lácteos. Ademais da horta de calidade vinculada á gastronomía e das producións ecolóxicas.
- **Forestal – Madeira:** Innovación do produto ofrecido polo Moble de A Estrada.
- **Enerxía:** Enerxías renovables e limpas, aforro e eficiencia enerxética.
- **Novas Tecnoloxías**: Auxe dos perfís de *community manager*.
- **Turismo**: Empresas relacionadas co turismo de IV gama, de experiencias e sensacións, a máis do turismo deportivo,cinexético, cultural ou etnográfico e en xeral, actividades que complementen a oferta turística xa existente nas áreas próximas.
- **Benestar**: Coidado de persoas maiores e profesionalización do coidado de nenos.
- **Servizos**: Empresas de limpeza tanto de edificios como de limpeza forestal.

ANEXOS

I. Información cuantitativa complementaria sobre o Concello de A Estrada

Táboa 1
Evolución do número de empresas segundo estrato de asalariados 2005-2010

	2005	2006	2007	2008	2009	2010
sen asalariados	960	938	995	1018	976	978
de 1 a 2 asalariados	407	444	397	393	386	396
de 3 a 5 asalariados	143	163	187	156	174	149
de 6 a 9 asalariados	53	49	58	57	60	56
de 10 a 19 asalariados	41	44	39	43	37	34
de 20 a 49 asalariados	24	24	25	28	23	23
de 50 a 99 asalariados	0	2	4	5	3	2
de 100 a 249 asalariados	3	3	3	3	3	1
de 250 ou máis asalariados	0	0	0	0	0	0
TOTAL	1.631	1.667	1.708	1.703	1.662	1.639

Fonte:Instituto Galego de Estatística (IGE)

Táboa 2

Principais magnitudes económicas das empresas de A Estrada,2010[1]

Cadena[2]	Facturación	% Facturación	Empregados	% Empregadoss	Valor Engadido	% Valor Engadido	Número Empresas	% Empresas
01 Pesca y Productos Transformados del Mar	1.533	0,72%	27	1,38%	524	1,04%	2	0,49%
02 Forestal y productos Transformados de la madera	34.310	16,07%	365	18,69%	10.828	21,41%	46	11,30%
03 Agricultura Ganadería y sus Transformados	19.855	9,30%	180	9,22%	3.493	6,91%	35	8,60%
04 Rocas Ornamentales y Productos no Metálicos	1.826	0,86%	22	1,13%	828	1,64%	5	1,23%
05 Automoción	60.346	28,26%	238	12,19%	7.129	14,10%	22	5,41%
07 Química-Farmacéutica	4.444	2,08%	17	0,87%	306	0,60%	5	1,23%
08 Téxtil-Confección-Moda y Complementos	6.184	2,90%	37	1,89%	747	1,48%	12	2,95%
09 Construcción y Promoción Inmobiliaria	48.260	22,60%	508	26,01%	13.774	27,23%	129	31,70%
10 Turismo, Ocio y Relacionados	1.792	0,84%	29	1,48%	609	1,20%	17	4,18%
11 Información, Cultura y Audiovisual	940	0,44%	23	1,18%	273	0,54%	16	3,93%
12 Comercio y Distribución no específicos	8.835	4,14%	92	4,71%	1.999	3,95%	32	7,86%
13 Bienes de Equipo, Industria Auxiliar y Productos Metálicos	5.550	2,60%	83	4,25%	1.781	3,52%	21	5,16%
14 Tecnologías de la Información y la Comunicación	221	0,10%	1	0,05%	135	0,27%	1	0,25%
16 Energía	1.170	0,55%	2	0,10%	90	0,18%	3	0,74%
17 Logística Y Transporte	12.192	5,71%	155	7,94%	4.312	8,53%	19	4,67%
18 Servicios Financieros	2.416	1,13%	51	2,61%	1.513	2,99%	19	4,67%
19 Educación y Salud	2.231	1,04%	54	2,76%	1.381	2,73%	5	1,23%
20 Otras actividades en general	1.413	0,66%	67	3,43%	839	1,66%	17	4,18%
Total general	**213.533**	**100,00%**	**1.953**	**100,00%**	**50.574**	**100,00%**	**407**	**100,00%**

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

[1] Só se inclúen as empresas domiciliadas na localidade de A Estrada con obriga de presentar as súas contas.

[2] A metodoloxía de cadeas empresariais contempla na mesma as actividades relacionadas coa produción/extracción, a transformación e a comercialización específica, conformado o comercio NON específico unha cadea diferente. Así por exemplo os comercios ó por menor de roupa englobaríanse na cadea de téxtil, e os comercios alimentarios na cadea de agricultura.

Táboa 3

Porcentaxes das principais magnitudes empresarias de Galicia segundo cadea, 2010

Cadena	Facturación	Empleados	VEB	Número de empresas
01 Pesca y Productos Transformados del Mar	8,26%	4,51%	4,63%	2,86%
02 Forestal y Productos Transformados de la Madera	2,71%	3,89%	3,11%	3,54%
03 Agricultura y Ganadería y sus Transformados	7,58%	6,12%	5,10%	5,81%
04 Rocas Ornamentales y Productos no Metálicos	0,68%	1,33%	1,06%	0,88%
05 Automoción	12,31%	6,65%	7,62%	3,82%
06 Construcción y Reparación Naval	1,68%	1,45%	1,11%	0,44%
07 Química-Farmacéutica	2,89%	1,87%	2,12%	1,24%
08 Textil-Confección-Moda y Complementos	15,15%	9,16%	16,17%	3,42%
09 Construcción y Promoción Inmobiliaria	18,09%	22,03%	20,15%	34,14%
10 Turismo, Ocio y Relacionados	1,96%	4,89%	3,03%	7,11%
11 Información, Cultura y Audiovisual	1,10%	2,22%	1,51%	3,23%
12 Comercio y Distribución no Específicos	8,24%	7,53%	5,00%	7,73%
13 Bienes de Equipo, Industria Auxiliar y Productos Metálicos	7,67%	6,75%	6,57%	4,56%
14 Tecnologías de la Información y la Comunicación	1,06%	2,16%	1,88%	1,47%
15 Medioambiente	0,15%	0,24%	0,24%	0,20%
16 Energía	2,33%	0,97%	3,87%	2,40%
17 Logística y Transporte	3,71%	5,63%	6,41%	4,20%
18 Servicios Financieros	1,58%	1,57%	3,88%	3,84%
19 Educación y Salud	1,43%	4,30%	3,18%	3,57%
20 Otras Actividades en General	1,40%	6,64%	3,30%	5,47%
AAPP	0,02%	0,08%	0,05%	0,05%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Táboa 4

Porcentaxes das principais magnitudes empresarias de Pontevedra segundo cadea, 2010

Cadea	Facturación	Empleos	VEB	Número de empresas
01 Pesca y Productos Transformados del Mar	14,17%	6,41%	8,18%	4,07%
02 Forestal y Productos Transformados de la Madera	1,27%	2,86%	1,69%	3,26%
03 Agricultura y Ganadería y sus Transformados	5,45%	5,73%	4,17%	5,09%
04 Rocas Ornamentales y Productos no Metálicos	0,92%	1,42%	1,19%	1,06%
05 Automoción	26,54%	11,83%	17,57%	3,84%
06 Construcción y Reparación Naval	4,28%	2,42%	2,60%	0,76%
07 Química-Farmacéutica	2,92%	2,52%	3,35%	1,26%
08 Textil-Confección-Moda y Complementos	1,81%	3,26%	1,99%	3,32%
09 Construcción y Promoción Inmobiliaria	16,68%	21,64%	21,06%	34,05%
10 Turismo, Ocio y Relacionados	1,92%	4,44%	3,10%	7,11%
11 Información, Cultura y Audiovisual	0,96%	1,89%	1,46%	3,03%
12 Comercio y Distribución no Específicos	7,16%	6,81%	5,05%	8,13%
13 Bienes de Equipo, Industria Auxiliar y Productos Metálicos	6,38%	7,43%	7,58%	5,00%
14 Tecnologías de la Información y la Comunicación	0,52%	1,58%	0,81%	1,39%
15 Medioambiente	0,13%	0,21%	0,19%	0,19%
16 Energía	1,24%	0,72%	1,15%	1,68%
17 Logística y Transporte	3,47%	5,49%	5,69%	4,11%
18 Servicios Financieros	1,29%	1,59%	5,20%	3,74%
19 Educación y Salud	1,67%	5,40%	4,44%	3,37%
20 Otras Actividades en General	1,20%	6,29%	3,49%	5,48%
AAPP	0,02%	0,07%	0,04%	0,05%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

II. Temática orientativa das entrevistas realizadas:

- ***Entrevista ós axentes da Administración Pública Local***

1. Potencialidades ou puntos fortes que presenta esta área para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras ou actividades innovadoras.

2. Sectores ou nichos de mercado nos que vostede cree que existen posibilidades reais de éxito para a innovación ou o emprendemento.

3. Oportunidades de negocio concretas ou necesidades non cubertas polo tecido empresarial local.

4. Barreiras ou dificultades para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.

5. Facilitadores ou factores positivos para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.

6. Existen apoios suficientes e infraestructuras para poñer en marcha iniciativas emprendedoras?.

7. Iniciativas postas en marcha recentemente ou previstas para o estímulo e potenciación a curto prazo do emprendemento, a innovación e o emprego.

8. Recursos cos que conta a Administración Local para o apoio ó emprendemento.

9. Ideas sobre cómo pode a Administración Pública Local incentivar o xurdimento de iniciativas deste tipo.

10. O papel da Deputación de Pontevedra en materia de potenciación e impulso ó emprendemento e á innovación empresarial.

- ***Emtrevista ós axentes empresariais e emprendedores***

1. Características da actividade empresarial que desempeñan.

2. A propia experiencia emprendedora: motivos que o levaron a emprender, pasos ou fases seguidas ata a consolidación, dificultades e beneficios de emprender.

3. Axudas, apoio ou asesoramento recibido por vostede á hora de poñer en marcha o seu propio negocio.

4. Potencialidades ou puntos fortes que presenta esta área xeográfica (concello/comarca) para a posta en marcha de iniciativas deste tipo.

5. Sectores ou nichos de mercado nos que vostede cree que existen posibilidades reais de éxito para o emprendemento na área xeográfica.

6. Oportunidades de negocio concretas ou necesidades non cubertas polo tecido empresarial local.

7. Barreiras ou dificultades para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.

8. Facilitadores ou factores positivos para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.

9. Existen apoios suficientes e infraestructuras na área para poñer en marcha iniciativas emprendedoras?.

10. Cómo pode a Administración Pública Local e Provincial contribuir a apoiar e incrementar as iniciativas emprendedoras de éxito?

ENTREVISTADORES:

Grupo de Investigación G4plus (Universidade de Vigo)

- **Pedro Figueroa Dorrego:** Director do Grupo de Investigación G4plus. Profesor do Departamento de Organización de Empresas e Márketing.
- **Ana Otero Lima**: Coordinación Técnica. Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional.